Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O neno de ouro da Cova de Mera

Na praia da Xunqueira ou Espiñeiro, en Mera, Oleitros (A Coruña) hai unha cova que hoxe ten pouco máis de dous metros de longo e da que só queda visible a entrada entre as rochas cando baixa a marea.

Dise que antigamente os mouros circulaban por ela ata debaixo do Faro Pequeno, onde había outra entrada agora atoada polas pedras arrastradas polo mar. E aínda hai quen di que ten, ou tiña, outras entradas como a que hai debaixo do Xunqueiro

O caso é que os mouros carrexaban por esta cova os tesouros para embarcalos, e cando marcharon deixaron algún deles soterrados.

Un deses tesouros, que seica está enterrrado en Aba, é un neno de ouro.

BIBLIOGRAFÍA

COMENDADOR REY, B., FERRER CRUZ, J. e VÁZQUEZ COLLAZO, S., «Os castros do concello de Oleiros», en Anuario Brigantino, 2007, nº 30, páx. 143-166.